



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE PANTÓN PARA A EXECUCIÓN DE BEIRARRÚAS ENTRE O NÚCLEO PRINCIPAL DO CONCELLO E O CRUCE DE SOBER (LU-P-5901)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Infraestruturas, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Infraestruturas ten previsto formalizar co Concello de Pantón o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31.12.2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento das condicións que rexerán a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Pantón para a construción de beirarrúas no treito comprendido entre o núcleo principal do concello e o cruce de Sober (LU-P-5901).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O itinerario peonil entre o núcleo principal do Concello de Pantón e o Mosteiro está interrompido pola falta de beirarrúas en parte do seu percorrido.

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica, Plan MOVE, contempla como unha das súas liñas básicas a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas.

O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2010 ten como obxectivo estratéxico 2 a consecución de vías de tránsito e mobilidade máis seguras, contemplando entre as súas





accións a mellora da seguridade viaria na zona de circulación, prestando especial atención a zonas con presenza de persoas usuarias vulnerables, travesías, etc.

A actuación que pretende realizar o Concello de Pantón consiste basicamente na construción de beirarrúas no treito comprendido entre o núcleo principal do concello e o cruce de Sober, que se atopa interrompido pola presenza dunha construción que ten que ser derrubada.

A construción destas beirarrúas tería como resultado unha mellora da seguridade viaria, ao permitir completar o percorrido entre o núcleo principal do concello e o Mosteiro en condicións seguras para o cidadanía.

Esta actuación é complementaria á propia idea básica e intrínseca da estrutura elemental da calzada e da infraestrutura viaria. A consideración de complementariedade, xunto coa necesidade dunha actuación en materia de accesibilidade e seguridade viaria, xustifican a concesión directa dunha subvención ao Concello de Pantón ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Galega de Infraestructuras.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 10 de xuño de 2016.

